SERVIZO GALEGO de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO
DIPLOMADO SANITARIO E TÉCNICO

EXAME EN GALEGO

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCIÓNS:

1.– Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.

2.– Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro **"Común"** entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".

3.– O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.

4.– Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.

5.– Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.

6.– Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.

7.– A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8.– En caso de erro tipográfico ou de transcrición entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.

9.– Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO

0014692534972085400002635969212784270089

1. Sen prexuízo das competencias das demais Administracións Públicas, a lei Xeral de Sanidade determina que serán responsabilidades mínimas dos concellos:

A) O catálogo e rexistro xeral de centros, servizos e establecementos sanitarios

B) A realización de estatísticas de interese xeral supracomunitario

C) A homologación xeral dos postos de traballo dos servizos sanitarios

D) O control sanitario dos cemiterios e a policía sanitaria mortuoria

2. En relación ao réxime disciplinario do persoal estatuatrio é falso que:

A) As sancións disciplinarias firmes anotaranse no expediente persoal do traballador

B) Os apercibimentos, de habelos, sempre serán por escrito

C) As sancións por faltas graves prescribirán aos dous anos

D) As sancións por faltas moi graves prescribirán aos seis anos

3. De acordo co Texto Refundido polo que se aproban as disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e respecto do emprego público, cando se entende que existe infrarrepresentación nun corpo, escala, grupo ou categoría?

A) Cando a diferenza porcentual entre o número de mulleres e o número de homes sexa, polo menos, de vinte puntos

B) Cando a diferenza porcentual entre o número de mulleres e o número de homes sexa, polo menos, de cincuenta puntos

C) Cando a diferenza porcentual entre o número de mulleres e o número de homes sexa, polo menos, de trinta puntos

D) Todas son falsas

4. De acordo coa Lei galega reguladora do consentimento informado e da historia clínica, cal dos seguintes non é un contido mínimo da historia clínica?

A) As ordes médicas

B) As certificacións acreditativas do estado de saúde

C) Os documentos de alta voluntaria

D) Os informes sobre procedimentos diagnósticos, terapéuticos e interconsultas

5. De acordo co artigo 43 da Constitución Española, os poderes públicos fomentarán:

A) A implantación dun calendario de vacinacións

B) A educación física

C) As prestacións sociosanitarias ás persoas dependentes

D) As leis penais contra os delitos en materia de saúde pública

6. De acordo coa Lei de saúde de Galicia, non son principios rectores do Sistema Público de Saúde de Galicia:

A) A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes

B) A universalidade do dereito aos servizos e prestacións de cobertura pública

C) A participación e implicación dos profesionais no sistema sanitario

D) A promoción das fórmulas de xestión clínica nos servizos e establecementos sanitarios

0014692534972085400002635969212784270089

7. Que criterio de cesamento se aplicará ao persoal estatutario temporal nos supostos de incorporación de persoal fixo con ocasión dos procesos selectivos e de provisión?

A) A orde de prelación na lista, de menor a maior puntuación

B) A orde de prelación na lista, de maior a menor puntuación

C) A antigüidade no Servizo Galego de Saúde

D) A antigüidade na praza desempeñada

8. Respecto á Xunta de Galicia, é falso afirmar que:

A) É o órgano xurisdicional que culmina a organización xudicial no territorio da Comunidade Autónoma

B) A Xunta cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta

C) A Xunta de Galicia responde politicamente ante o Parlamento de forma solidaria

D) É o órgano colexiado de goberno de Galicia

9. En cal destes supostos se poderá outorgar o consentimento informado por substitución?

A) No caso de que a decisión do representante legal sexa contraria aos intereses do menor ou incapacitado

B) Cando o paciente estea sometido a procesos clínicos terminais ou paliativos

C) Cando o paciente o solicite, calquera que sexa a súa idade

D) Cando o facultativo responsable o determine e sempre que o comunique a un órgano xudicial

10. Cal das seguintes é causa de extinción da condición de persoal estatutario fixo?

A) A renuncia

B) A sanción disciplinaria firme de separación do servizo

C) A xubilación

D) Todas as anteriores

Preguntas de reserva

1. De acordo co Decreto polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, a que órgano da devandita estrutura lle corresponde a función de organizar os recursos humanos, materiais, tecnolóxicos e financeiros do seu respectivo ámbito?

A) Á Dirección de Recursos Económicos

B) Á Dirección de Recursos Humanos

C) Á Dirección de Recursos Asistenciais

D) Á Xerencia de Xestión Integrada

2. En que supostos os datos de carácter persoal relativos á saúde poderán ser tratados por un profesional suxeito a secreto profesional?

A) Cando resulte necesario para a prevención ou para o diagnóstico médico

B) Cando resulte necesario para a prestación de asistencia sanitaria ou tratamentos médicos

C) Cando resulte necesario para a xestión de servizos sanitarios

D) En todos os supostos anteriores

0014692534972085400002635969212784270089